

PROGRAMA DE LECER DO ÁGORA

HISTORIA E ARTE

ARTE E MÚSICA

Luns de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Héctor Mosquera

Este obradorio intentará responder unha pregunta: é poético o linguaxe musical?; así, nun primeiro momento, explicaránse os elementos que caracterizan a música como forma de coñecemento poético, para, posteriormente, analizar a vida e obra de Mozart en relación cas formas musicais presentes en Bach e Beethoven. É a música a forma máis elevada de arte?

RI-NASCERE : A BELEZA INESGOTABLE

Xoves de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Carmela Galego

Das esculturas das illas cícladas até Brancucci. Florencia, Vicenza, o neoclasicismo francés. Neste obradoiro beberemos das fontes do eterno asombrar que ten en Grecia o seu punto álxido. Saborearemos os distintos períodos que pousan a súa mirada sobre este concepto clásico da perfección: Roma, o renacemento, as grandes obras do Louvre. Mais tamén sairemos á rúa para admirar o que permanece desa beleza nos nosos espazos.

POR GALICIA ADIANTE: NA HISTORIA

Xoves de 19.00 a 20.30 h

Responsables: Bea Álvarez e Carmela Galego

Convidámosvos a un percorrido pola historia e pola arte galegas. Con distintas temáticas que xiren en torno á noso patrimonio á nosa xeografía, á nosa gastronomía e a nosa música. Viaxaremos virtualmente por Galicia adiante con ánimo investigador sempre favorecendo a participación do público presente. O patrimonio material e inmaterial será obxecto de estudo e disfrute, máis tamén haberá tempo para botar unha ollada a actualidade cultural da cidade.

MÚSICA

AI LALELO, AI LALAO

Martes de 17.30 a 19.00 h

Responsable: Halimah Shalabi

Este obradoiro é un percorrido pola nosa música tradicional para coñecermos os nosos bailes, os nosos ritmos e os nosos instrumentos. Aprenderemos a técnica básica do canto e da pandeireta (**imprescindible ter unha pandeireta de 9 ferreñas, por conta da persoa participante**) e do canto e practicaremos o baile.

LITERATURA E ESCRITURA

LEAMOS RELATOS

Luns de 17.30 a 19.00 h

Responsable: Chus Molina

Este é un obradorio de lectura de relatos que ten como obxectivo descubrir e profundar neste xénero literario así como coñecer aos seus autores máis relevantes.

En cada sesión leremos un relato en voz alta, tras unha breve introdución ao autor, para, despois de gozar da súa lectura, comentalo entre todos. Analizaremos o contido, a estrutura, a linguaxe, a voz narrativa e todo aquilo que nos pareza significativo coa finalidade de profundar o máximo posible nel.

Os autores escollidos serán moi diversos, así como as súas nacionalidades, abarcando desde os mestres e creadores do relato moderno ata os máis recentes escritores que están a despuntar nel.

TEXTOS CREATIVOS

Martes de 10.30 a 12.00 h

Responsable: Chus Molina

Este é un obradoiro eminentemente práctico no que se traballa coas palabras desde un punto de vista creativo. Para iso imos utilizar tamén imaxes e música nalgunhas das sesións. A partir dunha serie de pautas así como do que a música e as imaxes provoquen en nós, crearemos os nosos propios textos literarios desenvolvendo a nosa creatividade e imaxinación. Á vez que escribimos, iremos aprendendo os diversos elementos e técnicas literarias, compartindo e comentando todos os textos que escribamos.

A CONSTRUCCION NARRATIVA

Martes de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Rodrigo Costas

Este obradoiro está dirixido a todas aquelas persoas que, dispoñendo dunhas nocións básicas previas sobor da escritura de ficción, desexan amplia-los seus coñecementos e introducirse no terreo da construción narrativa.

Ao longo das sesións, percorrерemos, por medio dunha metodoloxía práctica e aberta, os elementos e mecanismos esenciais para a composición dun texto de ficción. Tema, argumento, pregunta dramática, personaxe, trama, punto de vista, voz, etc..

MINDFULNESS

INICIACIÓN AO MINDFULNESS

GRUPO I - Mércores de 17:15 a 18:45 h

GRUPO II – Mércores de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Eduardo Dopico

O mindfulness é unha práctica que ten como prioridade orientar ao momento presente de xeito voluntario, observándoo sen xuízo. Esta tarefa ten como obxectivo fundamental vivir todo o que nos ocorra plenamente e aceptándoo, e para desenvolvela é necesario afondar no coñecemento das propias emocións, pensamentos e do que se sente no corpo en cada intre. Para acadar este grao de conciencia estreitamente vencellada á intelixencia intrapersonal, hai que cultivar a meditación e abandonar os automatismos ou rutinas da vida cotiá que nos impiden ser libres.

CINE

CLÁSICOS EN BRANCO E NEGRO

Luns de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Antonio Brea

Curso no que veremos algunhas das obras mestras un tanto esquecidas que merecen a pena (re)descubrir. A selección tratará de abordar ademais diferentes temas e problemáticas que continúa a estar totalmente vixentes. Unha oportunidade para voltar a ver cunha ollada nova estes grandes clásicos e comentar algúns dos seus aspectos máis destacados.

AS GRANDES SERIES DE TELEVISIÓN (S. XX)

Luns de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Antonio Brea

A televisión acompañanos ao longo das nosas vidas, polo que este curso supón unha sorte de exercicio nostálxico conxunto. Lembraremos as series de televisión máis importantes e a evolución da narración televisiva dende os anos 50 ata o inicio da chamada terceira idade de ouro, que abordaremos nunha segunda parte, e que coincide co cambio de século. Tamén adicaremos tempo para comentar algunhas series e estreos actuais.

CINEMA DOS EEUU: 1893-1945

Martes de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Martín Pawley

A industria do cinema dos EEUU foi, e segue a ser, a máis poderosa do mundo. Neste obradoiro repasaremos o seu primeiro medio século de vida: as súas orixes, o nacemento de Hollywood, os grandes fitos do cinema mudo americano, a difícil transición ao sonoro, a década dourada dos 30 e o impacto da II Guerra Mundial. Ademais, valoraremos a programación das salas da cidade e daremos conta das novas de actualidade máis importantes.

DEBUXO

APRENDE A DEBUXAR RETRATOS

Xoves de 18.00 a 20.00 h

Responsable: Juanjo Estrada

Este obradoiro é un curso de iniciación ao debuxo baseado na representación do rostro humano a través das artes plásticas. Cun enfoque teórico-práctico, mediante as técnicas tradicionais do debuxo trataremos de achegarnos aos métodos, aos trucos e aos segredos que nos permitan entender a arte do retrato.

APRENDE A DEBUXAR CARICATURAS

Venes de 18.00 a 20.00 h

Responsable: Juanjo Estrada

Este obradoiro está dirixido á xente que estea disposta a afondar no mundo do debuxo humorístico, con ganas de experimentar. Nas sesións de que se compón o obradoiro, daremos os primeiros pasos de xeito ameno e divertido na descoñecida, enigmática e fermosa arte das caricaturas.

TEATRO

EMOCIÓNATE E CREA

Luns de 17.30 a 19.00 h

Responsable: Laura Sarasola (Caramuxo Teatro)

Crear unha peza artística concreta que poda ser mostrada a través do autocoñecemento do corpo e da voz, do seu manexo, e da apertura emocional partindo de exercicios de creación libres e de improvisacións con estímulos sensoriais, como a música e o tacto, o olfacto... A emoción coma canle para experimentar un proceso creativo e interpretar unha peza de artes escénicas, a través do xogo lúdico, que poida ser desde interpretar un texto simple a unha creación coreográfica sinxela.

INTERPRÉTAO

Luns de 19:15 a 20:45 h

Responsables: Laura Sarasola (Caramuxo Teatro) e Kevin Stewart (Katarsis Teatro e Educación).

Obradoiro de introdución á interpretación para todos os públicos, onde se tratarán distintas disciplinas e técnicas (expresión corporal, improvisación, teatro físico, máscara e teatro de texto clásico e contemporáneo) co obxectivo de que as persoas participantes desenvolvan un coñecemento básico sobre a súa ferramenta de traballo: o corpo, a voz, a dicción, o ritmo e o pensamento.

O TEATRO: O ESPELLO DA ALMA

Martes de 18.00 a 19.30 h

Responsable: Alicia Rivela

Teatro experimental consciente cunha visión que acompaña o alumnado para que conecte técnica e espírito. Este método está dirixido a persoas con ou sen experiencia no escenario. Nace da túa esencia, do teu ser, de respirar e de sentir. Só hai que deixarse levar. Así traballamos mente e corpo. Creando poesía no camiñar e na mirada. Con base en exercicios onde conectamos cun mesmo e deixamos que flúa todo o noso potencial.

MICRO ABERTO

Mércores de 11.00 a 12.30 h

Responsable: Víctor Marque

Partindo dos intereses comúns e individuais dos participantes melloraremos a nosa dicción, expresión, entoación e lectura. Aprenderemos a transmitir as nosas porpostas e ideas a través do medio radiofónico gravando diferentes podctas e poñendo en práctica a escoita activa.

INICIACIÓN AO CLOWN

Xoves de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Jose Losada

Todas e todos temos un “pallaso” dentro de nós, que nos pode axudar a levar a vida desde un punto de vista máis positivo e optimista. Neste curso traballaremos sobre as técnicas para atopar o clown, para que cada persoa atope a súa identidade cómica. Para iso, contaremos cun dos mellores clowns do panorama artístico actual.

FOTOGRAFÍA

INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA DIXITAL

Martes de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Cándido Díaz

Clases teórico-prácticas onde coñeceremos os segredos da fotografía (composición, encadre, enfoque e iluminación/exposición) e o manexo das súas cámaras, así como outros dispositivos imprescindibles en fotografía (flash, trípode, difusores...). Durante o curso, realizaremos saídas fotográficas para practicar o aprendido na aula.

FOTOGRAFÍA DE PAISAXE

Martes de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Cándido Díaz

Clases teórico-prácticas onde coñeceremos os segredos da fotografía de paisaxe : urbano, rural, panorámico, branco e negro). Aprenderemos técnicas de composición, encuadre, medición de luz e edición no ordenador. Durante o curso, realizaremos saídas fotográficas para practicar o aprendido na aula.

FOTO PARA MÓBILES

Mércores de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Jacobo Ameneiro

Este obradoiro nace coa intención de dar posibilidade de desenvolverse creativamente a través do medio fotográfico, sen a ancoraxe que pode producir o uso dos equipos fotográficos máis clásicos. As cotas de calidade que acadan hoxe en día os teléfonos móbiles permitiránlle ao alumnado non só facer fotos senón editalas ou compartilas.

ASTRONOMÍA

BAIXO O FIRMAMENTO

Martes de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Óscar Blanco

Neste obradoiro aprenderemos a mirar e comprender mellor o noso Universo. Desfrutando das noites estreladas e profundando no mundo da astronomía dende un punto de vista ameno e facilmente comprensible.

CIDADE E CONTORNA

PERSONAXES DA CIDADE

Martes de 17.00 a 18.30 h

Responsables: Patricia Angulo e Fernando Campos

Unha cidade non é un conxunto de rúas, edificios ou prazas. As cidades compóñense de persoas, que impulsan ás súas cidades facéndoas grandes e importantes. A Coruña é María Pita pero tamén Emilia Pardo Bazán, Isabel Zendal, Celedonio Uribe, Sinforiano López... e outros esquecidos da nosa memoria. Agora é o momento de coñecelos. Haberá sesións que se desenvolverán en distintos puntos da cidade.

ARQUITECTURA E MÚSICA

Mércores de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Jesús Freire

A música e a relación coa arquitectura: desde as representacións musicais no mundo clásico, os teatros grego e romano, pasando polos teatros máis célebres, como o Metropolitan, Covent Garden, a Scala de Milán, o Liceu... até os edificios contemporáneos como grandes contedores de arquitectura e música. Con audicións de fragmentos musicais neses espazos.

UN PASEO POLA CIDADE

Xoves de 10.00 a 11.30 h

Responsables: Patricia Angulo e Fernando Campos

O Castro de Elviña? A Torre de Hércules? A Época Medieval? Chegou o momento de coñecermos a historia da nosa cidade dun xeito ameno e próximo. As sesións do obradoiro realizaranse no exterior empregando os recursos e os espazos que a cidade nos ofrece.

CREATIVIDADE MANUAL

MANUALIDADES CREATIVAS

Mércores de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Chari Maquieira

O obxectivo desde obradoiro é aproveitar a material cotidian que temos nas nosas casa e darlle un aire renovado, o mesmo tempo, que aprendemos técnicas de manualidades relacionadas con infinidade de materiais como : telas, papel, envases, cristal, madeira, ...

SOUTACHE

Mércores de 18.30 a 20.30 h

Responsable: Zeltia Sedes

Técnica na que se combina o soutache con abelorios, que permiten crear unha xoia de bixutería totalmente artesanal, colares, pendentes, apliques para zapatos, tocados... deixa voar a túa imaxinación e crea pezas únicas.

COAS TÚAS MANS

Xoves de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Fina Sedes

Este obradoiro ofrece dúas posibilidades. Por un lado poderemos internarnos no mundo do tapiz, xa que aprender esta técnica é un dos obxectivos do obradoiro. Pero se o que che interesa é a xoiaría téxtil, poderás realizar pezas empregando a técnica do macramé.

ARTESANIA CON COIRO

Venres de 19:00 a 20:45 h

Responsable: Patricia Vicente Belver

Tanto se teñes contacto co coiro, cómo se non, neste espazo compartiremos coñecementos no arte del traballo co coiro. Además do apoio da profesora, poderás contar co das compañeiras de afición. Dende os bocetos a propia creación de pezas, usando este material tan versátil e agradecido.

ACTIVIDADE MOTRIZ

VITAL FIT

Luns e xoves de 11.30 a 12.30 h

Responsable: José Manuel Pernas

Practicar e experimentar o sistema de exercicio físico e salud Vitalfit, a través do cal aprenderemos unhas bases simples de entrenoamento que mellorarán a nosa salud psicosomática. Empregaremos a fusión de técnicas e principios teóricos de oriente e occidente para dotar dun enfoque holístico o proceso de entrenoamento.

MOVENDO O TEU CORPO

GRUPO I - Martes e xoves de 09.30 a 10.30 h

GRUPO II - Martes e xoves de 10.30 a 11.30 h

Responsable: Ana Lago

Obradoiro de actividade física variada para contribuír a mellorar a calidade de vida, tanto física como psicolóxicamente. Traballaremos desde exercicios de resistencia até exercicios para mellorar a forza e a flexibilidade, sempre dun xeito adaptado ao nivel das persoas participantes. Farémolo a través de xogos motrices, exercicios de forza flexibilidade, coordinación, circuitos, estiramientos e bailes. Un obradoiro no que traballarmos a forma física e á vez divertímonos.

TODO ESTÁ NOS TEUS PÉS

GRUPO I – Martes de 11.30 a 13.00 h

GRUPO II – Mércores de 17:15 a 18:45 h

Responsable: Rubén da Silva

A través dos pés, e tras descubrir uns coñecementos básicos e sinxelos sobre os mesmos, aprenderemos a masaxear as zonas reflexas que posúen para ser capaces de desbloquear o sistema inmunitario de noso corpo. Trátase dun obradoiro eminentemente práctico, polo que é necesaria roupa cómoda.

BAILANDO o CARIBE

Xoves de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Cándido Díaz

Aprendizaxe e iniciación o baile latino co merengue, a bachata, salsa, cumbia ou o cha-cha-cha, para moverse, divertirse e coñecer, a través desde bailes, outras manifestacións populares .

MONOGRÁFICO

DA VINCI

Mércores de 19.00 a 20.30 h

Leonardo da Vinci foi un home adiantado o seu tempo, foi un xenio do Renacemento. Tocou infinidade de disciplinas artísticas e científicas e dominounas e desfrutou con todas elas. Moitos dos seus inventos son importantes e imprescindibles hoxe en día.

Descubriremos e desfrutaremos con este personaxe e con todas as súas ideas como fontes de inspiración dende perspectivas tan diferentes como a pintura, a escultura, a literatura o cinema, e un longo etcétera que veremos en cada unha das sesións.

COCIÑA

PRATOS EXÓTICOS

Luns de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Halimah Shalabi

Este curso ímonos a descubrir novas receitas de distintas partes do mundo, sempre desfrutando de clases de cociña e receitas tradicionais dos países que imos coñecer. Descubriremos gastronomía, cultura, tradición a través de amenas aulas donde nos reuniremos arredor da cociña.

DE NORTE A SUR

Luns de 18.00 a 20.00 h

Responsable: Lola Caramés

O noso país ten unha terra cunha gastronomía única, e se por algo se caracteriza é pola súa tradición e a excelente e ampla variedade de materia prima. Neste obradoiro descubriremos as receitas máis emblemáticas da cociña española, tanto no seu formato máis tradicional como nas súas versións actualizadas.

ECONOMIA NA COCIÑA

Martes de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Marta Ramos

Realizaremos unha grande variedade de pratos partindo de cero e combinando adecuadamente os ingredientes até acadar un resultado final do gusto dos padais máis esixentes, sempre tendo en conta “o bolsillo”.

UNHA VOLTA POLO MUNDO

Martes de 18.00 a 20.00 h

Responsable: Lola Caramés

Un dos atractivos das viaxes é gozar da gastronomía típica de cada recuncho do mundo. Se aprendemos a cociñar os mellores pratos dos receitairos doutros países e continentes, poderemos viaxar polo mundo cos menús máis exóticos.

VEGETARIANO, RICO E SANO

Mércores de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Lola Caramés

Neste obradoiro, descubriremos receitas propias da gastronomía vexetariana, en que se empregan ingredientes que cumpren cos criterios vexetarianos de excluír a carne e os produtos derivados do tecido animal. Para o ovolactovexetarianismo (tipo máis común de vexetarianismo de Occidente) están permitidos os ovos e os produtos lácteos, tales como o leite e o queixo.

COCIÑA ÁRABE

Mércores de 18.00 a 20.00 h

Responsable: Halimah Shalabi

Este curso ímonos a descubrir novas receitas de Palestina e as diferentes zonas que a conforman. Ampliaremos ademáis a outros lugares coma a India ou Yemen, sempre desfrutando de clases de cociña e receitas tradicionais dos países de Oriente Medio. Así mesmo, tendo en conta a importancia das especias dentro destes menús, poderemos aprender un pouco máis de todas esas especias que se empregan nesta zona.

COCIÑANDO E DEGUSTANDO

Xoves de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Marta Ramos

As receitas máis sinxelas, as que nos fan a boca auga, en definitiva as de toda a vida, cunha adaptación á cociña de hoxe en día, rápida, sinxela e accesible, todo iso dun xeito entretido,

COCIÑANDO SEM PROBLEMAS

Xoves de 18.00 a 20.00 h

Responsable: Marta Ramos

Partindo de pratos moi sinxelos, pretendemos que a xente que non ten moito costume de cociñar, poida perderlle o medo e enfrontarse á cociña dun xeito totalmente natural. Este obradoiro está enfocado a aquelas persoas que teñen coñecementos moi básicos de aspectos que se consideran fundamentais na cociña.

COCIÑA SAUDABLE

Venres de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Marta Ramos

Obradoiro de cociña onde as verduras e os vexetais toman o protagonismo. A través de receitas sinxelas, sas, nutritivas e deliciosas, tentaremos facer esquecer o mito de que a comida verde, os vexetais, son aburridos. Desde unha visión ovolacteovexetariana, ofreceremos ideas de pratos dunha cociña saudable, saborosa e descoñecida. Atrévete a probar!

E DE POSTRE...

Venres de 18:00 a 20:00 h.

Responsable: Lola Caramés

Repostería creativa para que calquera persoa afeccionada aos pratos doces poida, con materiais que temos na casa, elaborar cousas saborosas e moi bonitas e todo iso cos utensilios de cociña que pode haber en calquera casa, sen ter que comprar ningún equipamento profesional!

OFERTA ESPECÍFICA PARA ADOLESCENTES

PEQUENAS/OS COCIÑEIRAS/OS (10-16 anos)

Sábados de 11.00 a 13.00 h

Responsables: Chari Maquieira e Martina Velo

Taller de cociña destinado aos adolescentes do fogar, que aprenderán a preparar pratos sinxelos, divertidos, creativos e sobre todo, moi ricos, pero sempre partindo dunha concienciación en hábitos alimenticios saudables.

OFERTA ESPECÍFICA + 70 ANOS

TONIFICA O TEU CORPO

GRUPO I – Luns e mércores de 9.30 a 10.30 h

GRUPO II - Luns e mércores de 10.30 a 11.30 h

Responsable: Pablo Barreiro

Actividades motrices para manterse en forma cun grao de intensidade adaptado ás persoas maiores de 70 anos.

NEURONAS, A FUNCIONAR!!

GRUPO I - Luns e mércores de 10.30 a 11.30 h

GRUPO II - Luns e mércores de 11.30 a 12.30 h

Responsable: Martina Velo

Obradorio que ofrece a exercitación da memoria grazas a accións pracenteirias que estimulen o intelecto e desafíen a mente para activar as conexións neuronais, fortalecendo a atención, a orientación, o razoamento, a linguaxe, o cálculo e as funcións cognitivas en xeral. Todo iso baixo unha metodoloxía dinámica e participativa que proporcione momentos de entretemento e distensión grupal.

RECORDANDO O NOSO

Martes e xoves de 10.30 a 11.30 h

A través de distintas actividades dinámicas e divertidas, coñeceremos e recoñeceremos todas as cousas mais cercanas a nos, obxectos, lugares, lendas,... co fin de aproveitar os recursos que a mente nos achega. Todo iso baixo unha metodoloxía dinámica e participativa que proporcione momentos de entretemento e distensión grupal.

CONDICIÓN PARA PARTICIPAR NOS OBRADOIROS DO PROGRAMA DE LECER

PREINSCRICIÓN:

Os días **11, 12, e 13 de setembro** na conserxaría de Ágora, de **9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h** ou por vía telemática cubrindo a folia de preinscrición, tal e como se indica na páxina www.coruna.es/cultura. Neste último caso, será recomendable gardar unha copia dixital da inscrición, co fin de corrixir os erros que se puideren producir.

É importante escoller só una das dúas opcións, xa que, en caso de ter preinscricións duplicadas, anularanse.

Todas as preinscricións telemáticas que teñan data de envío anterior ás 9.00 h do día 11 ou posterior ás 20.00 h do día 13 non serán tramitadas.

Cada solicitante poderá anotar até catro obradoiros na ficha; deberase ter en conta que na adxudicación respectarase a orde de preferencia fixada pola persoa solicitante, e esta non poderá ser modificada unha vez que se realice o sorteo.

Na preinscrición presencial, adxudicáraselle directamente a cada solicitante un número que lle servirá para o sorteo. Na preinscrición telemática, adxudicaranse os números de forma consecutiva ao peche de cada un dos horarios da presencial.

O 14 de setembro, ás 9:00 h, publicarase a listaxe das preinscricións telemáticas co número de sorteo correspondente, as mesas publícanse pola hora de inscrición e polo DNI. De producirse algún erro, coa copia da preinscrición, emendarase.

SORTEO PÚBLICO:

Luns 16 de setembro, ás 10.00 h, na conserxaría do Ágora.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

As listaxes dos obradoiros adxudicados publicaranse o mércores 18 de setembro a partir das 9.00 h, no Ágora, nas distintas webs municipais de Cultura e no servizo telefónico 010.

A partir do número extraído no sorteo, asignaranse as prazas en cada obradoiro.

Outorgaráselles ao maior número de persoas, cando menos, un obradoiro.

Adxudicaranse un máximo de dous obradoiros por persoa, salvo nos obradoiros nos que queden prazas vacantes, que se adxudicaran a todas as persoas interesadas.

INSCRICIÓN:

Os días 18, 19 e 20 de setembro na conserxaría do Ágora, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h. Para formalizar a inscrición, será necesario aboar en efectivo o importe do obradoiro correspondente.

As prazas adxudicadas só poderán ser ocupadas polas persoas agraciadas no sorteo.

As prazas non pagadas durante estes días outorgaráselles ás persoas en listaxe de agarda.

LISTAXES DE AGARDA E PRAZAS VACANTES:

As persoas en listaxe de agarda dun obradoiro terán preferencia en ocuparen as prazas non aboadas do dito obradoiro, que serán adxudicadas pola orde do sorteo. Terán preferencia aquelas persoas que non obtivesen ningunha praza.

Realizaremos unha primeira rolda de chamadas telefónicas o 23 de setembro. Contactaremos só con aquelas persoas que estean nas listaxes de agarda para saber se continúan interesadas en inscribirse nos obradoiros que solicitaran. De ser así, terán que formalizar a inscrición, pagándoa, o 24 de setembro.

Realizaremos unha segunda rolda de chamadas o 25 de setembro, e as/os interesadas/os terán que formalizar a inscrición, pagándoa, o 26 de setembro.

A partir do 27 de setembro e despois deste proceso, o resto das prazas vacantes poderán ser ocupadas polo público en xeral, que deberá inscribirse e aboalas por orde de chegada, nos horarios indicados anteriormente.

COTA DE INSCRICIÓN:

30 € por obradoiro (maiores de 65 anos, cumpridos antes do inicio dos obradoiros: 21 €).

INICIO DOS OBRADOIROS:

A partir do luns 30 de setembro, no día e hora que lle correspondan a cada obradoiro.

Os obradoiros só se porán en marcha cun mínimo de 12 participantes.